



Concello de Bueu

Expediente	2310/2020
Código SIA	Contratacións
Procedemento	1429768
Asunto	OBRA.SIMPLIFICADO - REXENERACION DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO. FASE II. Financiada ao 100 % pola Deputación provincial de Pontevedra ao abeiro do Plan Concellos 2020. LIÑA 1
Unidade Xestora	Departamento de Secretaría. Servizo de Contratación
Documento	Resolución de alcaldía
Trámite	Incoación de expediente

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

I. Antecedentes

1. No proxecto técnico denominado “ FASE II DO PROXECTO DE REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO” asinado polo arquitecto técnico do concello en data 03.04.2020, Alfredo de la Campa Ferverza se definen as características técnicas desta actuación. O citado proxecto foi aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 2020-0552 de data 06.05.2020 (CSV: 6TGSJ2GM7PTHZNCLXSZ7JNKAE) e incorporado ao Libro electrónico de proxectos de obra pública aprobados baixo o número 2020-0003.

Consta incorporada ao expediente acta de trazado previo asinada polo arquitecto técnico do concello, entre outros, en data 06.05.2021 na que fai constar a realidade xeométrica das obras proxectadas así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución.

2.- O artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) establece que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a tramitación do correspondente expediente que será iniciado polo órgano de contratación.

No precepto de referencia se sinala que na incoación do procedemento deberá quedar motivada a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 da LCSP.

O art. 28 da LCSP establece que as entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais e sinala que, para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidad do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado ao seu adxudicación.

Considerando o informe (CSV:) subscrito polo Concelleiro delegado de área de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas Públicas en data 05.03.2021 nos termos que

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 4AHSLK6VY3NZK3C6GZKQEDQ | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello de Bueu

resultan da resolución de alcaldía núm. 926/2019, de 28.6.2019 (BOP num.130 do 09.07.19) modificadas na resolución de alcaldía núm. 969/2019 de 03.07.2019 (BOP.PO núm.133 de 12.07.2019) e núm. 728/2020 de 05.06.2020 (BOP.PO núm.115 de 17.06.2020), que sinala o ámbito funcional de dita concellería, en materia, entre outras, de infraestruturas públicas, xustificativo da necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación no que se dispón que:

“O presente proxecto ten por finalidade rexenerar a zona baixa do entorno da Igrexa, o camiño polo que se accede a Fonte, e a parte alta que comprende o resto do tramo do camiño que vai dende a entrada que da acceso o recinto da igrexa ata o cruce co camiño polo que se accede a Esculca, nun contexto de revalorización do entorno da Igrexa -auténtico corazón do núcleo histórico tradicional, á promoción do Concello de Bueu.

En definitiva, o proxecto de rexeneración ten como fin actuar sobre as causas xerais e os factores específicos que a día de hoxe impiden o desenvolvemento sostible e respectuoso do núcleo, mellorando á un tempo as condicións medioambientais e a calidade de vida dos seus habitantes, indagando e indo máis alá na posta en valor da historia do entorno.”

O devandito informe emítese en cumprimento da esixencia contida no artigo 28 en relación co artigo 116 ambos da LCSP.

3. O Concello de Bueu conta coa financiación económica que fai viable a materialización desta infraestrutura.

- Con data 22.07.2020 (RE num. 2020-E-RC-3043) recibíuse comunicación da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra trasladando acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 17.07.2020,, en relación á concesión de subvención ó Concello de Bueu ó abeiro do Plan Concellos 2020 correspondente á Liña 1: “PROXECTO DE REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO” (Acordo sinalado co núm. 19.29166/ ref. Expediente 2020020781), polo importe que de seguido se relaciona:

“.../...”

Anualidade	Orzamento, €	Subvención, €	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas, €
2020	133.778,39	133.778,39	0,00

Consta incorporado ao expediente electrónico documento contable de retención de crédito asinado polo Interventor do concello:


- Documento RC num. 2021000405 asinado polo Interventor do concello en data 26.01.2021 por importe de 133.778,39 € con cargo á aplicación orzamentaria núm.2020 / 0 / 1532 / 61903 / 01.

II. Normativa aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12/10 (RGC).

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





Concello de Bueu

- Lei 7/1985 reguladora das bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997 de administración local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)

Considerando a competencia do órgano de contratación, en base aos antecedentes detallados e con aplicación da regulación contida na normativa de aplicación relacionada no presente acto administrativo, tendo en conta o disposto no artigo 116 da LCSP e ao abeiro das competencias que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Incoar o procedemento de contratación da obra Rexeneración do entorno da Igrexa de Ermelo. Fase II por procedemento aberto simplificado e ordear a incorporación ao expediente de referencia núm. 2310/2020 os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia da contratación suscrito polo Concelleiro delegado de área de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas Públicas en data 05.03.2021 en base ás delegacións efectuadas por resolución de alcaldía núm. 926/2019, de 28.6.2019 (BOP num.130 do 09.07.19) modificadas na resolución de alcaldía núm. 969/2019 de 03.07.2019 (BOP.PO núm.133 de 12.07.2019) e núm. 728/2020 de 05.06.2020 (BOP.PO núm.115 de 17.06.2020)
- Proposta de pregos reguladores da contratación (PCAP) do contrato cuxos principais elementos se conteñen no cadro resumo de características.
- Proxecto técnico denominado “ FASE II DO PROXECTO DE REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO” asinado polo arquitecto técnico do concello en data 03.04.2020, Alfredo de la Campa Fervenza, aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 2020-0552 de data 06.05.2020 (CSV: 6TGSJ2GM7PTHZNCLXSZ7JNKAE) e incorporado ao Libro electrónico de proxectos de obra pública aprobados baixo o número 2020-0003.

SEGUNDO.- Ordear a emisión dos correspondentes informes preceptivos de fiscalización da intervención e a emisión do correspondente informe xurídico da secretaria municipal con carácter previo á aprobación do expediente de contratación.

Documento asinado electrónicamente á marxe

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 4AHSLK6WY3NZK3C6GZRGEDQ | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3